

Fillas de Cassandra levará a súa xira 'Últimas Dionisiacas' a Marrocos

Sara Faro e María SOA actuarán, da man do Instituto Cervantes e AIE, en Tánxer, Tetuán, Fez, Casablanca e Marrakech do 24 ao 29 de xuño

O dúo tamén forma parte do cartel do Poborina Folk, en Teruel, onde estará o 21 de xuño, mentres que o día 22 participará no VESU Festival de Oviedo



María SOA e Sara Faro son Fillas de Cassandra © Sabela Andrés

Vigo, 13 de xuño de 2024.- Fillas de Cassandra levará a súa xira *Últimas Dionisiacas* a Marrocos este mes de xuño. O dúo conformado polas viguesas María SOA e Sara Faro visitará, do 24 ao 29 de xuño, as localidades de Tánxer, Tetuán, Fez, Casablanca e Marrakech da man do Instituto Cervantes, a través do seu programa musical *Cervantes en ruta*, e da AIE (Sociedad de Artistas Intérpretes o Ejecutantes) por medio da iniciativa AIEEnRuta - Artistas.

Tras estrear o pasado 16 de febreiro en Vigo o seu novo directo, no que Fillas de Cassandra revisa desde unha electrónica máis potente e escura o seu álbum *Acrópole*, e visitar desde entón numerosos recintos, salas e festivais de todo o territorio peninsular, as creadoras de éxitos como *Lisístrata (Varre vasoira)* ou *Tataravoa* visitarán por vez Marrocos. Antes, o venres 21, serán cabeza de cartel no festival **Poborina Folk**, na provincia de Teruel, e ao día seguinte, o sábado 22, compartirán escenario con figuras como Xoel López ou Carlos Ares no **VESU Festival** ovetense.

Así, o día de San Xoán (24 de xuño), Sara Faro e María SOA, acompañadas de Marina Vidal e Tania Caamaño -xuntas, as catro, conforman a banda destas *Últimas Dionisiacas*-, iniciarán a xira en **Tánxer**, onde actuarán no exterior do Colexio Español Ramón y Cajal. O martes 25 visitarán **Tetuán**, concretamente o campo de fútbol de La Corniche (Martil) e, dous días despois, trasladaranse a **Fez** para levar o seu directo até o Colexio Francés Jean de la Fontaine. Xa o día 28, o patio do Instituto Cervantes de **Casablanca** acollerá a proposta musical galega e, finalmente, o 29 de xuño pecharase a xira en **Marrakech**, cun concerto na Escola Superior de Artes Visuais.

Vindeiras datas confirmadas das *Últimas Dionisiacas*

- 21 de xuño. Teruel. Poborina Folk.
- 22 de xuño. Oviedo. VESU Festival.
- 24 ao 29 de xuño. Marrocos. Varias localidades.
- 6 de xullo. Santiago de Compostela. Gozo Fest.
- 11 ao 14 de xullo. Ortigueira. Festival de Ortigueira.
- 25 ao 27 de xullo. Vilanova i la Geltrú. El Tingladu.
- 2 de agosto. Bueu. SonRías Baixas.
- 17 de agosto. Pontevedra. Festas da Peregrina.
- 23 ao 25 de agosto. Boimorto. Festival de la Luz.
- 30 de agosto. Pantón. 13 Roeis Fest.
- 12 ao 14 de setembro. Vilaxoán. Festival Revenidas.

Contacto de prensa Fillas de Cassandra

Lucía Pita | 675 404 321 - lucia.pita@theofficeco.es

Descarga [aquí o kit de prensa](#) de Fillas de Cassandra